

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Curso 2021/22

PROFESORADO	MATERIA/ MÓDULO	NIVEL
Antonio Varela Padín	Ámbito lingüístico e social (1 grupo) Historia (2 grupos) Xeografía e Historia (2 grupos)	3º ESO PMAR 4º ESO 2º ESO
José Diego Martínez Leiro	Xeografía e Historia (2 grupos) Xeografía e Historia (2 grupos) Historia de España (1 grupo) Historia da Arte (1 grupo)	2º ESO 3º ESO 2º Bacharelato 2º Bacharelato
Rosina Baños de Almeida	Xeografía e Historia (2 grupos) Hª do Mundo Contemporáneo (1 grupo) Historia de España (1 grupo)	1º ESO 1º Bacharelato 2º Bacharelato



- 1. ÍNDICE**
- 2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**
- 3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE** (concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia)
- 4. OBXECTIVOS** (concreción dos obxectivos para cada curso).
- 5. ESTÁNDARES AVALIABLES** (concreción para cada estándar avaliábel de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, e procedementos e instrumentos de avaliación)
- 6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS**
- 7. MATERIAIS, FERRAMENTAS E RECURSOS DIDÁCTICOS**
- 8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**
- 9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**
- 10. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**
- 11. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR AO ALUMNADO OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA DETERMINADAS MATERIAS DO BACHARELATO** (se é o caso).
- 12. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS** (deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados)
- 13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS** (concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda).
- 15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES** (indicar ver Plan Anual de AACCEE).
- 16. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA** (mecanismos propostos en relación cos resultados académicos, con indicadores de logro, e procesos de mellora).
- 17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR** (indicar ver Plan Lector).
- 18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC** (indicar ver Plan TIC).



2.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2.1 Introducción.

O Departamento de Xeografía e Historia do IES “Terra de Trasancos” de Narón está constituído neste curso académico 2021/22 polos seguintes membros:

-D. Antonio Varela Padín, P.E.S. con destino definitivo, que imparte as materias de Ciencias Sociais – Xeografía e Historia – dous grupos de 2º ESO (6 horas); as Ciencias Sociais - Historia – en dous grupos de 4º ESO (6 horas); e o ámbito lingüístico e social no grupo de 3º ESO PMAR (9 horas) asumindo a xefatura de Departamento.

D. José Diego Martínez Leiro-, P.E.S. provisional, que imparte as materias de Ciencias Sociais – Xeografía e Historia - nos dous grupos de 2º ESO (6 horas); Ciencias Sociais – Xeografía e Historia - nos dous grupos de 3º ESO (6 horas) a Historia de España nun grupo de 2º Bacharelato (3 horas) e a Historia da Arte nun grupo de 2º de Bacharelato (4 horas)

-Dña Rosina Baños de Almeida, P.E.S. provisional, que imparte as materias de Sociais – Xeografía e Historia- en dous grupos de 1º ESO (6 horas); Hª do Mundo Contemporáneo nun grupo de 1º Bacharelato (4 horas); e a Historia de España nun grupo de 2º Bacharelato (3 horas). Para completar horario imparte como afín a materia de francés en dous grupos de 1 ESO (4 horas)

2.2 Contextualización

a) SITUACIÓN:

O Instituto de Ensino Secundario Terra de Trasancos é un centro do Concello de Narón (A Coruña) de titularidade pública. Atópase no lugar de Camiño Real S/N e o acceso principal ao centro resólvese dende a Estrada de Cedeira. A distancia do IES aos núcleos urbanos do concello, así como a procedencia dos alumnos, fai que estes utilicen para o acceso ao centro transporte escolar, e, no caso dos alumnos de ciclos, transporte privado cando o seu horario lectivo non coincide co do resto dos alumnos. Este feito supón un condicionante na actividade do centro, pois, na práctica, o desenvolvemento de calquera actividade fóra do horario lectivo implica o desprazamento dos participantes polos seus propios medios sen que exista nin sequera transporte colectivo público nas proximidades.

Os rapaces adscritos ao noso centro proveñen a súa maioría do CEIP Gándara e en menor medida do CPR Santiago Apostol e do CEIP Jorge Juan.

b) DISTRIBUCIÓN DO CENTRO:

O centro ocupa unha parcela de aproximadamente 14.000 m². en dous edificios independentes en torno a un espazo central aberto e pista polideportiva. O edificio principal está ocupado por aulas, departamentos, a administración e outros locais secundarios, servindo de acceso principal ás instalacións do centro. A través deste edificio chegamos a outro menor, onde atopamos un taller de Tecnoloxía e dous de Electrónica O centro dispón dun Ximnasio, pero as clases de



educación física impártense, a maior parte das veces, entre o polideportivo municipal As Lagoas e no Ximnasio do instituto.

Os edificios sinalados dispoñen de espazos abertos e cubertos, nunha superficie aproximada de 350 metros cadrados.

c) OFERTA EDUCATIVA NO CENTRO:

O centro imparte os seguintes ensinós:

- Educación Secundaria Obrigatoria. Comprende catro cursos, con alumnos entre doce e dezaseis anos de idade. O noso obxectivo fundamental nestes cursos é que os alumnos e alumnas adquiran os elementos básicos da cultura; formalos como cidadáns responsables; desenvolver hábitos de estudo e de traballo e prepararlos para a súa incorporación a estudos posteriores. Alén disto a atención á diversidade nesta etapa supón un principio fundamental para nós.

- Formación Profesional Básica. Impártense no noso centro dúas modalidades de Fp Básica: Comercio e Electrónica. O noso principal obxectivo é que os rapaces que participan neste programa alcancen a preparación e titulación que lles abra as portas a outros estudos superiores.

- Bacharelato. Comprende dous cursos, entre os dezaseis e dezoito anos de idade. No noso centro, impártense dúas modalidades de Bacharelato: o Bacharelato de Ciencias e o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais. Nesta etapa intentamos que a oferta sexa adecuada para a educación posterior que os alumnos van realizar.

- Ciclos Formativos. Ofértanse os Ciclo Medio de Xestión Administrativa e o Ciclo Superior de Administración e Finanzas. O nos obxectivo é que os alumnos alcancen a capacitación necesaria para incorporarse ao mundo laboral, ademais fomentamos as prácticas no estranxeiro para os alumnos de Ciclo Superior participando no programa Erasmus +.

d) ALUMNADO E FAMILIAS:

Os alumnos do centro proceden, maioritariamente, dun entorno urbano, o idioma que empregan nas súas relacións interpersoais é o castelán, aínda que empregan tamén o galego sen dificultade.

A relación coas familias é, en xeral, moi boa mantendo unha comunicación fluída co centro.

O Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) utilizado como elemento definatorio do contexto dos centros sitúanos nun nivel medio.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O artigo 2 do Real Decreto 126/2014, en consonancia coa recomendación do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de decembro do 2006, ademais de definir o currículo e os seus elementos, enumera as competencias daquel, indicando no artigo 6b) a súa definición: “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas».

As competencias clave do currículo son as seguintes:



- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).
- Competencia dixital (CD).
- Comunicación lingüística (CCL).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

As materias da área de ciencias sociais unen ao carácter instrutivo o contextualizador, axudando a centrar unha información dentro dunha perspectiva social; por iso a área de ciencias sociais resulta fundamental para o desenvolvemento da **competencia social e cívica**, posto que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social. É ben coñecido o papel que as ciencias sociais xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e possibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este.

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia concreta o desenvolvemento desta competencia nos seguintes aspectos:

- ▶ Cooperación cos compañeiros en todo tipo de traballos e tarefas.
- ▶ Respeto en todo momento cara ás opinións alleas.
- ▶ Coidado con respecto ao material propio e, especialmente, ao de uso común.
- ▶ Adopción de posturas e actitudes tendentes a desenvolver os hábitos de convivencia democrática nas relacións persoais.
- ▶ Actitude responsable e solidaria co medio ambiente.

A competencia de conciencia e expresión culturais supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilízalas para o enriquecemento persoal e estimalas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e que resulta necesario preservar. A contribución da área concrétese mostrando respecto cara o patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara as persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento; expresando sentimentos e emocións desde códigos artísticos; valorando a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultura; e apreciando a beleza das distintas expresións artísticas así como as manifestacións de creatividade y gusto pola estética no ámbito cotián.

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia concreta o desenvolvemento desta competencia nos seguintes aspectos:

- ▶ Comprensión das obras de arte como expresión de beleza e manifestación dunha época (símbolo dun poder político, vehículo de propaganda...)
- ▶ Creatividade na presentación de traballos e na realización de actividades.

No mundo actual é innegable a importancia que ten **a competencia dixital** para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos. Poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As TIC resultan



imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área. En todo caso, debe insistirse en que a información é preciso saber utilizala, xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento, por iso, é necesario comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible.

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia concreta o desenvolvemento desta competencia nos seguintes aspectos:

- ▶ Selección do uso das distintas fontes procedentes de Internet segundo a súa fiabilidade
- ▶ Elaboración de información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos
- ▶ Utilización dos distintos canais de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas
- ▶ Manexo de ferramentas dixitais para a construción de coñecementos
- ▶ Aplicación de criterios éticos no uso da tecnoloxía.

Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensinanza aprendizaxe, a **competencia en comunicación lingüística** resulta imprescindible. A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, e así mesmo, adquirir un vocabulario preciso e específico das ciencias sociais que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente.

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia concreta o desenvolvemento desta competencia nos seguintes aspectos:

- ▶ Comprensión do sentido dos diferentes tipos de textos escritos e orais que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica;
- ▶ Exposición coherente e razoada por vía e oral e por vía escrita argumentando as ideas con rigor e precisión.
- ▶ Utilización dos coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación;
- ▶ Elaboración de textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
- ▶ Manexo axeitado das regras ortográficas.
- ▶ Definición precisa de conceptos relacionados coa materia, e diferenciación entre os mesmos.
- ▶ Orde, limpeza e lexibilidade no caderno.

A **Competencia en aprender a aprender** supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun xeito autónomo e permite que o alumnado dispoña de habilidades ou de estratexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida (busca, organización e recuperación da información,...) e que desenvolva a curiosidade por adquirir novos coñecementos, capacidades e actitudes que lle permitan desenvolverse e crecer como persoa. Neste sentido, esta materia debe fomentar no alumnado o desexo de indagar no pasado, no seu entorno e analizar e interpretar os fenómenos xeográficos, históricos e culturais, á vez que desenvolve a súa capacidade de aprender de xeito autónomo e permanente. Implica tamén que poda adaptarse crítica e reflexivamente aos cambios que podan producirse na súa vida, aplicándolles similares instrumentos aos empregados na análise da realidade social (histórica e xeográfica).

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia concreta o desenvolvemento desta competencia nos seguintes aspectos:



- ▶ Elaboración de mapas conceptuais, esquemas e sínteses.
- ▶ Elaboración de redaccións con carácter comprensivo como resposta a un tema ou a unha cuestión.

Esta área, como parte integrante das ciencias sociais, utiliza ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Por tanto, **a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** desenvolveranse co uso de noções estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, representacións gráficas, ... En definitiva, o alumnado deberase facer consciente de que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos teñen unha aplicación real e funcional en moitos aspectos da súa propia realidade, capacitándolle para afrontar e resolver problemas da súa vida cotiá.

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia concreta o desenvolvemento desta competencia nos seguintes aspectos:

- ▶ Realización de representacións gráficas.
- ▶ Comprensión de conceptos matemáticos básicos
- ▶ Diferenciación entre os tipos de escala

A participación activa do alumnado nos procesos de toma de decisións que afecten á súa aprendizaxe (**competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor**) favorecen a toma de conciencia no que respecta ao seu protagonismo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Trátase de potenciar a súa capacidade de transformar as súas ideas en accións, actuando con criterio e determinación, tomando decisións e asumindo os riscos e consecuencias futuras de ditas decisións. O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia concreta o desenvolvemento desta competencia nos seguintes aspectos:

- ▶ Participación nas actividades realizadas na aula.
- ▶ Busca continuada da superación individual das dificultades sendo constante no traballo
- ▶ Xestión do traballo en grupo coordinando tarefas e tempos
- ▶ Xeración de conclusións propias a partir dos coñecementos previos dun tema
- ▶ Mostra de iniciativa para promover accións novas
- ▶ Asunción de riscos no desenvolvemento de tarefas ou proxectos.

4. OBXECTIVOS

4.1. EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.



d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.1.1. XEOGRAFÍA E HISTORIA 1º ESO

● Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando os puntos cardinais e as coordenadas xeográficas.

● Comprender o concepto de escala e utilizala para medir distancias en planos e mapas



● Interpretar os distintos tipos de mapas físicos: de relevo e ríos, de climas e de vexetación así como diversas formas de representar datos climáticos: os climogramas e mapas de superficie.

● Analizar os principais problemas actuais relacionados co medio físico e propoñer solucións.

● Describir e definir as principais formas de relevo continental, costeiro e submarino.

● Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial.

● Diferenciar entre tempo e clima.

● Coñecer os principais elementos do clima e os factores que os modifican.

● Diferenciar os distintos climas que existen na Terra e describir as súas principais características

● Elaborar e interpretar climogramas.

● Comparar os trazos físicos máis destacados (relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos) que configuran os grandes medios naturais do planeta

● Analizar os cambios que as persoas introducen no medio natural para satisfacer as súas necesidades e como esta acción modifica a paisaxe natural en paisaxe transformada.

● Coñecer as zonas máis favorables para a vida das persoas, en función do clima, altitude, cursos de auga, situación costeira ou interior.

● Explicar as causas, o desenvolvemento e as consecuencias dos principais riscos naturais: volcáns, terremotos, maremotos, furacáns, as secas e as inundacións.

● Coñecer as principais características da forma de vida no Paleolítico, Neolítico e Idades dos Metais: organización político-social, vivendas, actividades económicas, avances, crenzas e arte.

● Determinar cales foron as primeiras civilizacións históricas, situalas no mapa, e analizar as características políticas, económicas, sociais e culturais.

● Coñecer as distintas etapas da historia exipcia e os principais personaxes e acontecementos.

● Analizar as características políticas, económicas, sociais e culturais da civilización exipcia.

● Explicar as características do espazo grego e romano e localizalo no mapa.

● Coñecer as etapas da historia grega e romana e distinguir as características e principais acontecementos de cada unha delas.

● Identificar e describir edificios características da antigüidade clásica.

● Coñecer os principais trazos da relixión grega e romana.

● Valorar a importancia da aparición do cristianismo.

● Coñecer as características e as obras máis importantes da arte grega.

● Describir as características principais da forma de vida dos pobos prerromanos na península Ibérica.

● Caracterizar a romanización de Hispania e o noroeste da península Ibérica

● Aplicar o vocabulario histórico e artístico correctamente no seu contexto.

4.1.2 XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º ESO

● Coñecer os trazos fundamentais dos reinos xermanos, imperio bizantino, islam e imperio carolinxio.

● Explicar o concepto de feudalismo e analizar as características da sociedade feudal.

● Coñecer a estrutura básica da igrexa medieval as súas institucións principais



- Describir o concepto de cristiandade e a súa expansión ao longo da Idade Media, analizando as causas e consecuencias deste proceso.
- Coñecer as características principais da arquitectura, a escultura e a pintura románicas.
- Analizar os cambios económicos e políticos que ocorreron en Europa a partir do SXIII.
- Describir as causas por que renaceron as cidades e explicar como vivían e traballaban os seus habitantes (burguesía).
- Valorar a importancia cultural e social das universidades medievais.
- Coñecer as características principais da arquitectura, a escultura e a pintura gótica.
- Coñecer o ámbito espacial de Al-Andalus, etapas, organización social, política, económica e as principais manifestacións artísticas.
- Localizar os reinos cristiáns que se formaron no norte da península ibérica trala conquista musulmá e explicar o proceso de formación e a súa expansión cara ó sur.
- Coñecer os principais trazos de organización política, económica e social das Coroas de Castela e Aragón.
- Coñecer os principais trazos de organización política, económica, social e cultural de Galicia na Idade Media.
- Aplicar o vocabulario histórico e artístico correctamente no seu contexto.
- Identificar en mapas físicos as principais unidades de relevo e os accidentes xeográficos de España e de Galicia.
- Identificar nun mapa por onde se estenden o medio natural oceánico e o mediterráneo.
- Recoñecer os trazos característicos dos diferentes espazos bioclimáticos de España
- Analizar a evolución da poboación mundial ao longo da historia diferenciando os sucesivos réximes demográficos
- Localizar no mapa mundial os principais focos de concentración demográfica.
- Comprender a importancia das distintas taxas demográficas para o estudo da dinámica e da estrutura da poboación.
- Interpretar as pirámides de poboación e diferenciar os seus diversos tipos identificándoos coas distintas etapas na evolución demográfica.
- Explicar o que son os movementos migratorios e distinguir os seus tipos.
- Analizar as causas que explican as migracións así como os efectos positivos e negativos das mesmas tanto nos países de saída dos inmigrantes coma nos países de chegada.
- Coñecer os principais movementos migratorios do pasado e do presente e analizar as súas semellanzas e diferenzas. Preocuparse pola situación dos inmigrantes ilegais e os refuxiados.
- Situar no mapa mundial as cidades máis poboadas do mundo, relacionándoas co seu grao económico.
- Recoñecer os distintos tipos de cidades que existen no continente europeo.

4.1.3 XEOGRAFÍA E HISTORIA 3º ESO

- Saber que é un Estado e cantos Estados hai no mundo.
- Coñecer os principais Estados a nivel mundial, comprendendo que existen diversas formas de organizar politicamente un Estado, e valorando o papel que desempeñan as organizacións internacionais na cooperación interestatal.
- Apoiar a democracia como o sistema político que garante mellor a convivencia, os dereitos e as liberdades.



- Analizar problemas actuais relacionados coa organización política e propoñer solucións.
- Comprender que é a economía e as actividades que comprende así como o seu funcionamento, utilizar conceptos económicos, coñecer e diferenciar os sistemas nos que se pode organizar a actividade económica
- Diferenciar os distintos sectores económicos, analizando o impacto da innovación tecnolóxica no sistema económico actual e a consecuencia dos distintos desenvolvementos (
- Coñecer e empregar termos específicos relacionados coa actividade agrícola, recoñecer os elementos que conforman as distintas paisaxes agrarias que podemos observar na Terra analizando os factores, tanto naturais coma humanos, que condicionan o aproveitamento agrícola
- Caracterizar os principais sistemas de explotación agraria existentes no mundo identificando e localizando algúns exemplos representativos deles, e utilizar esa caracterización para analizar a escaseza de alimentos nalgunha rexión ou país subdesenvolvido, así como os problemas da agricultura galega e europea.
- Coñecer o que son a gandería, a pesca e a explotación forestal analizando o seu peso na economía mundial e os principais problemas a que se enfrontan na actualidade valorando o impacto destas tres actividades económicas sobre o medio natural e a saúde dos consumidores.
- Valorar a importancia que na historia da humanidade tivo a revolución industrial no século XVIII, e coñecer os principais trazos da chamada terceira revolución industrial.
- Localizar as principais rexións industriais da actualidade, coñecendo os principais factores que explican a localización das industrias así como as diferentes características e necesidades dos distintos tipos de industrias.
- Comparar as características e os problemas da industria nos países desenvolvidos e nos países subdesenvolvidos
- Definir o sector servizos e clasificar os servizos segundo distintos tipos de criterios analizando as principais actividades do sector.
- Valorar a importancia do sector terciario na economía actual e coñecer como se distribúe este sector no mundo.
- Analizar as relacións de intercambio que se establecen entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos no comercio destes produtos industriais.
- Valorar o impacto dalgúns servizos (especialmente os medios de transporte e o turismo) no medio natural.
- Localizar nun mapa conceptual dos principais fluxos comerciais do planeta e das redes de transporte máis importantes.
- Comprender o mecanismo de funcionamento do sistema económico Mundial e coñecer as principais institucións económicas internacionais e valorando a súa influencia sobre o mesmo
- Describir os principais trazos da globalización entendendo os factores que a provocan e analizando os seus efectos tanto positivos como negativos,
- Valorar criticamente as grandes desigualdades económicas que caracterizan o mundo actual.
- Desenvolver destrezas tanto na elaboración de gráficas, esquemas, cadros sinópticos, mapas, etc., como na interpretación dos documentos presentados durante o curso (fotografías de paisaxes, distintos mapas...)
- Localizar as principais exploracións realizadas por portugueses e casteláns e coñecer como cambiou a concepción do mundo despois dos descubrimentos.



- Analizar os trazos das monarquías autoritarias tomando como exemplo aos Reis Católicos.
- Coñecer as principais características do estilo artístico renacentista e a súa expansión, centrándonos especialmente en España
- Estudar o fenómeno da Reforma protestante e a reacción da Igrexa Católica para facerlle fronte.
- Coñecer as dimensións do imperio español no SXVI, durante os reinados de Carlos V e Filipe II e os principais conflitos aos que fixeron fronte.
- Coñecer as principais características (época, política interior, política exterior) dos reinados de Filipe III, Filipe IV e Carlos II e analizar o proceso que levou a España á crise do SXVII e a perda do poder hexemónico en Europa.
- Describir os trazos principais da cultura barroca, e identificar as características máis importantes da arquitectura, a pintura e a escultura barroca en España e Galicia.
- Aplicar o vocabulario histórico e artístico correctamente no seu contexto.

4.1.4 ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL 3º ESO PMAR

BLOQUE LINGÜÍSTICO: COMUNICACIÓN, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ

- Ler e comprender o sentido global dun texto para extraer información relevante e distinguir tipoloxías a partir da intención comunicativa.
- Producir textos orais ou escritos desenvolvendo a imaxinación, achegando a opinión propia, dando interpretacións persoais e plasmando experiencias persoais e sentimentos.
- escoitar activamente.
- Comprender a necesidade de comunicación e coñecer todos os elementos que interveñen na comunicación verbal e non verbal, a intención comunicativa e os tipos de textos que de aí derivan.
- Recoñecer a intención comunicativa da narración, do diálogo, da descrición, da exposición e da argumentación en textos de ámbito familiar, social, académico, publicitario, xornalístico e literario, os seus elementos, as súas partes, os seus trazos lingüísticos, e aprender a preparar textos.
- Observar e recoñecer as categorías gramaticais: o substantivo, o adxectivo, o determinante, o pronome, o verbo, o adverbio, as preposicións, as conxuncións, as interxeccións e algunhas locucións, e diferenciar os seus usos e valores en textos dados.
- Coñecer as distintas clases de sintagmas e os seus constituíntes, para crear oracións e recoñecer nestas o suxeito, o predicado, os casos de impersonalidade e os valores semánticos que as dotan de coherencia.
- Recoñecer a existencia de dous predicados nunha oración composta coordinada, xustaposta e subordinada, e identificar a existencia ou non de nexos que os unen.
- Coñecer o concepto de texto como unidade lingüística, valorar a importancia que adquire o contexto e a intención comunicativa para captar o seu sentido, e comprender a necesidade da súa coherencia, cohesión e adecuación.
- Utilizar o dicionario.
- Valorar a correcta ortografía na produción escrita a partir do coñecemento das regras básicas e a súa posterior aplicación
- Descubrir a orixe das palabras, a creación de palabras novas, a súa formación e as relacións de significado que manteñen con outras palabras.



● Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.

● Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia e do conxunto de España, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

BLOQUE LITERARIO: LITERATURAS GALEGA E CASTELÁ

● Valorar a expresión literaria fronte á común, o coñecemento do contexto para interpretar un texto literario e o patrimonio cultural que a literatura achega.

● Coñecer os xéneros literarios (narrativo, lírico e dramático) e identificar os seus trazos diferenciadores en textos dados para interpretalos correctamente.

● Desenvolver a capacidade creativa literaria, favorecendo o desenvolvemento da imaxinación, da autonomía e da iniciativa persoal.

● Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e do coñecemento do mundo, e consolidar hábitos lectores.

BLOQUE DAS CIENCIAS SOCIAIS: XEOGRAFÍA, HISTORIA

Xeografía:

● Explicar os indicadores para o estudo da poboación, recoñecer a distribución da poboación no mundo, analizar a súa evolución ao longo da historia e coñecer as causas da migración na actualidade.

● Diferenciar os elementos e factores da actividade económica e identificar as principais características dos distintos sistemas económicos.

● Definir desenvolvemento sostible e describir conceptos clave relacionados con el.

● Coñecer, analizar, identificar e explicar as características das actividades económicas do sector primario.

● Coñecer, analizar, identificar e explicar as características das actividades económicas do sector secundario.

● Coñecer, analizar, identificar e explicar as características das actividades económicas do sector terciario.

● Valorar e recoñecer as desigualdades sociais e económicas, así como os seus indicadores.

● Manexar, comparar e interpretar gráficos relacionados con xeografía económica e demográfica, e sacar conclusións.

● Utilizar recursos dixitais para explicar os fenómenos relacionados coa xeografía económica e demográfica.

● Identificar os principais conflitos bélicos actuais e relacionalos coas condicións socioeconómicas e políticas.

● Recoñecer as medidas para erradicar a pobreza.

Historia:

● Distinguir diferentes etapas dentro da Idade Moderna: Renacemento, Barroco, Antigo Réxime



- Describir as características do Renacemento, citar artistas e analizar as obras máis significativas
- Identificar as características e a expansión do humanismo e coñecer as obras de artistas humanistas.
- Recoñecer os principais feitos do reinado dos Reis Católicos: política interior e de expansión internacional.
- Explicar as causas e antecedentes que explican as grandes expedicións xeográficas, así como as conquistas dos navegantes portugueses e casteláns e a chegada de Colón a América, a súa conquista e colonización.
- Sopesar interpretacións conflitivas da conquista e colonización americanas.
- Distinguir as características das monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas.
- Interpretar os principais acontecementos en materia de política interior e exterior das monarquías da Austria en España (Carlos I, Filipe II, Filipe III, Filipe IV e Carlos II).
- Explicar as causas e características da Reforma e da Contrarreforma.
- Analizar as relacións entre os Estados europeos que levaron á guerra dos Trinta Anos.
- Describir as características do Barroco, citar artistas e analizar as obras máis significativas, con especial atención ao barroco galego.
- Utilizar recursos dixitais para explicar os acontecementos históricos da Idade Moderna.

4.1.5 HISTORIA 4º ESO

- Recoñecer os principios económicos, sociais e políticos do sistema do Antigo Réxime
- Coñecer, analizar e valorar os cambios que, no ámbito político, social, económico e intelectual, caracterizan a modernidade europea e internacional, relacionándoos cos propios da historia de España e de Galicia.
- Enumerar as transformacións do século XVIII, incidindo nas propias do reformismo borbónico en España
- Distinguir os cambios políticos que conducen á crise do Antigo Réxime e ás revolucións liberais, así como a súa repercusión en España e Galicia, destacando as dificultades para a construción do estado liberal
- Entender que as transformacións económicas, sociais e culturais que acompañan a Revolución industrial son as causantes do protagonismo de Europa durante a época do imperialismo, analizando as súas consecuencias e o seu declive.
- Analizar e comprender os factores que levan ás tensións e conflitos na primeira metade do século XX .
- Coñecer o proceso da creación do novo modelo de Estado soviético a partir da monarquía tsarista, coas características fundamentais de cada etapa política.
- Determinar os cambios políticos que transformaron o mapa europeo como consecuencia da I Guerra Mundial
- Ser capaces de recoñecer os trazos que son comúns ós réximes totalitarios(fascismo e nazismo), relacionándoos coa situación presente a través de imaxes e información documental
- Comprender as profundas transformacións operadas despois da II Guerra Mundial, destacando a división do mundo en bloques e as características esenciais de cada un deles, o proceso de integración europea e os problemas derivados da descolonización.



- Analizar os cambios máis recentes operados no panorama político internacional, identificando, valorando e debatendo de modo crítico os principais problemas morais do mundo actual, así como as diferentes posicións éticas que manifestan.
- Realizar gráficas sobre feitos demográficos ou económicos a partir de datos, interpretando a traxectoria reflectida neles e as causas ou consecuencias polas que se produciron
- Analizar textos, mapas ou imaxes históricas, comprendendo as ideas principais e o contexto histórico do que aparece representado.
- Achegarse a certos acontecementos ou personaxes a través da información obtida por distintos medios
- Aplicar o vocabulario histórico e artístico correctamente no seu contexto.

4.2. BACHARELATO

Con respecto aos **obxectivos xerais do Bacharelato**, a materia de Historia do Mundo Contemporáneo debe contribuír a desenvolver no alumnado, dun modo específico e prioritario, as capacidades que lle permitan:

a.- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos

humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b.- Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c.- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d.- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e.- Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f.- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

h.- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

En menor medida, de forma menos intensa, tamén os seguintes:

l.- Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m.- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n.- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

p.- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado



4.2.1 Hº DO MUNDO CONTEMPORÁNEO. 1º BACHARELATO.

- Identificar os trazos comúns máis característicos das transformacións que puxeron fin ó Antigo Réxime e que configuraron as sociedades occidentais nos aspectos económicos, políticos e sociais.
- Relacionar os imperialismos no proceso de crecente competencia derivado da difusión da industrialización en varios países e os conflitos que orixinaron.
- Comprender os límites do sistema liberal e as alternativas propostas na convulsa época de entreguerras culminando na gran conflagración mundial.
- Identificar as transformacións máis relevantes operadas no século XIX ata a Primeira Guerra Mundial, nos campos demográfico, tecnolóxico, de organización política e económica e de estrutura social, sinalando o seu distinto grado de influencia nunhas ou noutras zonas do mundo, o papel hexemónico asumido por algunhas potencias e os conflitos suscitados entre elas.
- Comprender a evolución das relacións internacionais no período que vai dende final da Segunda Guerra Mundial ata a crise do sistema soviético.
- Analizar algún conflito de actualidade, de dimensión internacional, a partir da información dos medios de comunicación social, valorando criticamente a disparidade de enfoques e tomando en consideración os antecedentes históricos do problema.
- Explicar as razóns históricas que influíron nas actuais situacións de dependencia dos países periféricos.
- Situar cronoloxicamente acontecementos e procesos relevantes da historia do mundo no século XX e analizar a súa vinculación con determinados personaxes, establecendo relacións entre a acción individual e os comportamentos colectivos.
- Identificar as normas e intereses que regulan no século XX as relacións entre Estados, analizando as causas dalgún conflito bélico importante e os principais mecanismos arbitrados ó longo do século para articular as relacións internacionais, valorando a seu funcionamento.
- Utilizar a terminoloxía histórica dunha forma adecuada así como a expresión oral e escrita acorde co nivel académico esixido.

4.2.2 HISTORIA DE ESPAÑA. 2º BACHARELATO.

- Comprender que a interpretación do pasado é o resultado de proxectar sobre este os nosos propios condicionamentos ideolóxicos, éticos e culturais do presente.
- Descubrir os procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento da dinámica histórica, empregando este coñecemento para a mellor comprensión das sociedades actuais.
- Distinguir e valorar os signos permanentes dos procesos de transformación e cambio nas diferentes etapas históricas, analizando secuencialmente o nacemento dos problemas, as diferentes tentativas de solución e a súa pervivenza nos nosos días.
- Identificar e analizar as interrelacións existentes entre os feitos económicos, sociais, políticos e culturais que condicionan a traxectoria histórica de España e de Galicia, así como o papel que os individuos e os grupos desempeñan nela, asumindo que a súa evolución é o resultado de complexos e longos procesos de cambio que se proxectan no futuro.
- Adquirir unha visión de conxunto da evolución histórica de España e de Galicia, situando este proceso no contexto europeo e mundial.



- Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espazo, os feitos, personaxes, problemas, etapas e procesos máis significativos e relevantes do devir histórico, común e diverso, de España e de Galicia.

- Expresar razoadamente ideas propias sobre os aspectos esenciais da evolución histórica de España e de Galicia, utilizando unha terminoloxía axeitada e específica dos conceptos e outros elementos estudados.

- Consolidar actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos de España, respectando e valorando positivamente os aspectos comúns e as diferenzas, tendo en conta a posibilidade de pertencer de maneira simultánea a máis dunha identidade colectiva.

4.2.3 HISTORIA DA ARTE. 2º BACHARELATO.

- Comprender e valorar os cambios na concepción da arte e as súas distintas funcións ó longo da historia.

- Entender as obras de arte na súa globalidade, como expoñentes da creatividade humana, susceptibles de seren admiradas por si mesmas, e de seren valoradas como documento testemuñal dunha época histórica, dunha sociedade e dunha cultura.

- Manexar a linguaxe artística de cada unha das artes visuais e utilizar diferentes metodoloxías para a análise das obras de arte desenvolvendo, ao tempo a propia sensibilidade e a imaxinación.

- Recoñecer e diferenciaras manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilos e artistas da arte occidental e , particularmente, as de Galicia, situándoas no seu propio contexto histórico, valorando as posibles influencias e a súa pervivenza na arte posterior.

- Recoñecer a través dos cambios iconográficos dun mesmo tema a modificación dos valores estéticos, de mentalidade e pensamento propios de cada estilo artístico, do seu contexto histórico e da personalidade do artista.

- Realizar actividades de documentación e investigación a partir de fontes diversas sobre determinados aspectos da historia da arte.

- Coñecer , valorar e apreciar o patrimonio artístico, especialmente o de Galicia, contribuíndo á súa conservación como fonte de riqueza e posibilitando que se transmita ás futuras xeracións.

- Valorar a cidade, na súa dimensión espacial e temporal, como obxecto da historia da arte e marco privilexiado das súas manifestacións e proxectar esta conciencia cara á súa evolución futura.

- Contribuír á formación estética, analítica e crítica, así como á capacidade de comunicar a empatía ante as creacións artísticas.



5. PROGRAMACIÓN POR NIVEIS, ATENDENDO A ESTÁNDARES , CONTIDOS CURRICULARES, CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES, MÍNIMOS ESIXIBLES, COMPETENCIAS E TEMPORALIZACIÓN

5.1. PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA (1º ESO).

Unidade 1: A Terra e a súa representación.

CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
<p>BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO</p> <p>B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar.</p> <p>B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica.</p> <p>B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos.</p> <p>B1.4. Localización. Latitude e lonxitude.</p>	<p>B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.</p> <p>B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas.</p> <p>B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.</p> <p>B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.</p>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES	COMPETENCIAS
B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.	XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta	<ul style="list-style-type: none"> • Explica os movementos de rotación e translación. • Interpreta como inciden os raios solares no movemento de translación. 	CAA CMCCT CD
B6.3.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas.	<ul style="list-style-type: none"> Especifica as características das artes plástica posmodernas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL
B6.4.1. Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; "Grito nº 7", de Antonio Saura;"One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Ctesiphon III", de F. Stella; "Equivalente VIII", de Carl André; "Vega 200", de Vasarely; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Iglú con árbore", de Mario Merz; "Marilyn Monroe" serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra" (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de Francis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López.	<ul style="list-style-type: none"> Comenta, identificando o nome da obra e o seu autor, as seguintes obras artísticas: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies ; "Equivalente VIII", de Carl André; "One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Unha e tres cadeiras",de J. Kosuth;" Marilyn Monroe" serigrafía de 1967), de A. Warhol. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
B6.5.1. Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador.	<ul style="list-style-type: none"> Describe a linguaxe específica expresiva que proporcionan os novos sistemas visuais como a fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL
B6.6.1. Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte.	<ul style="list-style-type: none"> Relaciona as posibilidades de creación artística e a súa difusión que ofrecen as novas tecnoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CMCCT CD
B6.7.1. Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais.	<ul style="list-style-type: none"> Explica os trazos esenciais da cultura de visual de masas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CSC

**5.9. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS****Xeografía e Historia 1º ESO**

<u>UNIDADES DIDÁCTICAS</u>	<u>AVALIACIÓN</u>
A TERRA E A SÚA REPRESENTACIÓN	1ª avaliación
O RELEVO TERRESTRE	
AS AUGAS DO PLANETA	
OS CLIMAS DO PLANETA	
AS PAISAXES DA TERRA	
INTRODUCCIÓN Á HISTORIA	2º avaliación
A PREHISTORIA	
AS CIVILIZACIÓNS URBANAS. MESOPOTAMIA E EXIPTO	
A CIVILIZACIÓN GREGA	3ª avaliación
A CIVILIZACIÓN ROMANA	
O TERRITORIO DE ESPAÑA E GALICIA NA ANTIGÜIDADE	

Xeografía e Historia 2º ESO

<u>UNIDADES DIDÁCTICAS</u>	<u>AVALIACIÓN</u>
1.- O INICIO DA IDADE MEDIA	1ª avaliación
2.- A EUROPA FEUDAL	
3.- O DESENVOLVEMENTO DAS CIDADES NA IDADE MEDIA	



4.- A CULTURA E ARTE NA IDADE MEDIA	
5.- AL- ANDALUS	
6.- OS REINOS CRISTIÁNS HISPÁNICOS	
7.- O ESTUDO FÍSICO DE ESPAÑA E GALICIA	2ª avaliación
8.- A POBOACIÓN NO MUNDO	
9.- AS CIDADES	
10.- O CONTINENTE EUROPEO. POBOACIÓN E CIDADES	
11.- ESPAÑA E GALICIA: TERRITORIO, POBOACIÓN E CIDADES.	
	3ª avaliación

Xeografía e Historia 3º ESO

<u>UNIDADES DIDÁCTICAS</u>	<u>AVALIACIÓN</u>
INTRODUCCIÓN Á XEOGRAFÍA	1ª avaliación
A ORGANIZACIÓN POLÍTICA DO MUNDO	
O MUNDO, UNHA ECONOMÍA GLOBALIZADA	
O SECTOR PRIMARIO	
MINARÍA, ENERXÍA E INDUSTRIA	2º avaliación
OS SERVIZOS	
O RETO DO DESENVOLVEMENTO	



INTRODUCCIÓN Á HISTORIA	3ª avaliación
A IDADE MODERNA, UNHA NOVA ERA	
NOVAS FORMAS DE PENSAR. RENACEMENTO E REFORMA	
A FORMACIÓN DO IMPERIO ESPAÑOL	
A EUROPA DO BARROCO	

Ámbito lingüístico e social 3º ESO PMAR

<u>UNIDADES DIDÁCTICAS</u>	<u>AVALIACIÓN</u>
UNIDADE 1	1ª avaliación
UNIDADE 2	
UNIDADE 3	2º avaliación
UNIDADE 4	
UNIDADE 5	3ª avaliación
UNIDADE 6	



Historia 4º ESO

<u>UNIDADES DIDÁCTICAS</u>	<u>AVALIACIÓN</u>
A CRISE DO ANTIGO RÉXIME	1ª avaliación
REVOLUCIÓNS LIBERAIS E NACIONALISMOS	
A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E OS CAMBIOS SOCIAIS	
IMPERIALISMO, GUERRA E REVOLUCIÓN	2ª avaliación
O MUNDO DE ENTREGUERRAS	
A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL	
A GUERRA FRÍA	3ª avaliación
A DESCOLONIZACIÓN E O TERCEIRO MUNDO	
O MUNDO DESDE 1945 ATA A ACTUALIDADE	



Historia do mundo contemporáneo 1º Bacharelato

<u>UNIDADES DIDÁCTICAS</u>	<u>AVALIACIÓN</u>
INTRODUCCIÓN	1ª avaliación
A CRISE DO, ANTIGO RÉXIME, AS REVOLUCIÓNS LIBERAIS E OS NACIONALISMOS.	
AS TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS. A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL. ORIXES E DESENVOLVEMENTO DO MOVEMENTO OBREIRO	
A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO E A I GUERRA MUNDIAL	
A REVOLUCIÓN RUSA	2º avaliación
O PERÍODO DE ENTREGUERRAS	
A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL	
A GUERRA FRÍA E DESCOLONIZACIÓN	3ª avaliación
EVOLUCIÓN DOS BLOQUES NUN MUNDO BIPOLAR	
XEOPOLÍTICA DO MUNDO ACTUAL	

Historia de España 2º Bacharelato

<u>UNIDADES DIDÁCTICAS</u>	<u>AVALIACIÓN</u>
0.- INTRODUCCIÓN. ANÁLISE DE FONTES HISTÓRICAS E CRONOLOXÍA.	
1.- A PENÍNSULA IBÉRICA DESDE OS PRIMEIROS HUMANOS ATA A DESAPARICIÓN DA MONARQUÍA VISIGODA	
2.- A IDADE MEDIA: TRES CULTURAS E UN MAPA POLÍTICO EN CONSTANTE CAMBIO	



3.- A FORMACIÓN DA MONARQUÍA HISPÁNICA E A SÚA EXPANSIÓN MUNDIAL	1ª avaliación
4.- O ANTIGO RÉXIME: OS PRIMEIROS BORBÓNS	
5A.- INICIOS E CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA LIBERAL. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME E A REVOLUCIÓN LIBERAL	
5B.- INICIOS E CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA LIBERAL: A CONSTRUCIÓN DO ESTADO LIBERAL E O SEXENIO DEMOCRÁTICO	2ª avaliación
6.- ESTADO E NACIÓN NA RESTAURACIÓN BORBÓNICA	
7.-AS TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS NA ESPAÑA LIBERAL	
8.- SEGUNDA REPÚBLICA E GUERRA CIVIL	3ª avaliación
9.- ESPAÑA NO FRANQUISMO	
10.- TRANSICIÓN Á DEMOCRACIA E ESPAÑA DEMOCRÁTICA	

Hª da Arte 2º Bacharelato

<u>UNIDADES DIDÁCTICAS</u>	<u>AVALIACIÓN</u>
INTRODUCCIÓN	1ª avaliación
1. RAÍCES DA ARTE EUROPEA: O LEGADO DA ARTE CLÁSICA	
2. NACEMENTO DA TRADICIÓN ARTÍSTICA OCCIDENTAL: A ARTE MEDIEVAL	
3. DESENVOLVEMENTO E EVOLUCIÓN DA	



ARTE EUROPEA NO MUNDO MODERNO	
4. O SÉCULO XIX: A ARTE DUN MUNDO EN TRANSFORMACIÓN	2ª avaliación
5. A RUPTURA DA TRADICIÓN: A ARTE NA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XX	3ª avaliación
6. A UNIVERSALIZACIÓN DA ARTE DESDE A SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX	

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A educación pódese concibir como un proceso construtivo no que o alumno se converte no motor do seu propio proceso de aprendizaxe ao modificar el mesmo os seus esquemas de coñecemento. Xunto a el, o profesor exerce o papel de guía ao poñer en contacto os coñecementos e as experiencias previas do alumno cos novos coñecementos, ao tempo que permite ademais asegurar que o alumno poderá utilizar o aprendido en circunstancias reais e acadar novas aprendizaxes

Partindo disto, a metodoloxía empregada para o desenvolvemento da materia outorgará un protagonismo especial á práctica directa mediante o emprego de recursos didácticos específicos, co fin de que o alumnado observe e interprete os feitos xeográficos, históricos e artísticos a través de textos, imaxes, mapas ou informacións estatísticas.

Partimos da base de que o noso Departamento imparte materias moi diferentes e a distintos niveis educativos, que afectan ao diverso grao de madurez dos alumnos, implicando variadas estratexias para comprender os contidos, aínda así podemos aplicar métodos iguais cunha maior ou menor profundización e complexidade. Partindo dos coñecementos que xa ten o alumnado convén empregar dous tipos de estratexias, de exposición e de indagación.

A **estratexia expositiva** sérvenos para ofrecer ao alumnado unha información elaborada sobre un esquema conceptual que se irá desenvolvendo na clase a partir de medios tanto orais (preguntas), escritas (exercicios prácticos ou de comprensión) ou visuais (fotografías, vídeos, mapas, textos de lectura...) segundo o que consideremos necesario. Esta estratexia poderase utilizar preferentemente para os feitos e conceptos máis abstractos.

Outros contidos poden ser aprendidos mediante a realización de pequenos **traballos de investigación**, buscando información, ben individualmente ou en grupos, a partir do libro de texto e nos distintos medios (prensa, internet, enciclopedias, localización in situ...), favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e que cada alumno/a asuma a responsabilidade da súa aprendizaxe. Neste sentido é relevante a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación.

Na aprendizaxe é esencial atopar o equilibrio entre comprensión e memorización polo que convén axudar ao alumnado a diferenciar con claridade o que son datos informativos esenciais en cada tema polo que requiren ser memorizados e os que só teñen un interese coxuntural.

Tamén é importante facer especial fincapé no desenvolvemento de técnicas de traballo intelectual, sobre todo a comezo do curso, insistindo na comprensión lectora e a capacidade de expresarse correctamente. Neste sentido débense promover actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura, a expresión oral e escrita, así como aquelas que requiran da utilización dun vocabulario rigoroso á hora de elaborar redaccións, resumos, esquemas, etc. Asemade é fundamental a adquisición dun pensamento



evolutivo, abstracto, de interrelación e lóxico, co fin de potenciar a análise multicausal e a comprensión dos distintos acontecementos que se relacionan no espazo e no tempo.

É interesante que o alumno chegue a *aprender a aprender* dende a práctica diaria na clase, intentando adquirir o coñecemento de destrezas que logo poda utilizar no futuro, tal é o caso da resolución de cálculos, análise de situacións, comentarios de textos, etc., así como a construción de gráficas, mapas, cadros sinópticos, esquemas..., que contribuirían a formar unha sólida armazón intelectual.

Esta metodoloxía non iría completa se non desenvolvéramos nos alumnos o espírito crítico, que lle confira unha autonomía persoal futura, desta maneira podemos utilizar **debates**, nos que podan participar e mostren actitudes de atención, tolerancia e respecto, sempre cunha actitude positiva cara ó diálogo e mostrando unha posición razoada ante as cuestións plantexadas na aula.

A interdisciplinabilidade estará presente nas distintas unidades didácticas, pero pode fomentarse coa nosa colaboración en actividades doutros Departamentos ou realizados polo centro.

7. MATERIAIS, FERRAMENTAS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O material imprescindible é o libro de texto como base do que arranca o proceso de aprendizaxe. No curso 2021-22 establécense os seguintes:

Ciencias sociais- Xeografía e Historia de 1º ESO. Os camiños do saber. Ed. Santillana (2012) ISBN **978-84-8224-996-4**

Xeografía e Historia de 2º ESO. XEOGRAFIA E HISTORIA. Saber Facer. Serie Descubre Ed. Santillana (2016) ISBN **978-84-9972-582-6**

Xeografía e Historia de 3º ESO. XEOGRAFIA E HISTORIA. Saber Facer. Serie Descubre Ed. Santillana (2015) ISBN **978-84-9972-282-5**

Ámbito lingüístico e social de 3º ESO PMAR . Programa de mellora Ámbito lingüístico e social. Ed Xerais, Niveis 1, ISBN **978-84-9121-227-0** (Linguas castelá e galega e literatura) e 2, ISBN **978-84-9121-228-7** (Ciencias Sociais- Xeografía e Historia).

Xeografía e Historia de 4º ESO. XEOGRAFIA E HISTORIA. Saber Facer. Serie Descubre Ed. Santillana(2015) ISBN **978-84-9972-713-4**

Hª do mundo Contemporáneo de 1º Bacharelato. Consorcio Editorial Galego. Baía Edicións.(2019) ISBN **978 - 84-9995-318-2**

Hª de España de 2º Bacharelato. Consorcio Editorial Galego. Baía Edicións (2016) ISBN **978 - 84-9995-200-0**

Outros recursos didácticos serían libros, enciclopedias, soporte informático..... como forma de investigación e aprendizaxe á hora de seleccionar información. Empregarase a aula virtual como apoio ás clases utilizando presentacións de power point cos contidos necesarios para reforzar as explicacións realizadas na clase, documentos con tarefas para trabalar e corrixir nas clases, enlaces a vídeos e páxinas web que cubran a necesaria visión de conxunto e proporcionen outra forma de coñecemento, enlaces a actividades interactivas, etc...



8. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Os **PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** que aplicaremos son os seguintes:

1.- Probas escritas ou orais

Os exames poden resultar unha fonte de información útil para diversos fins: reproducir contidos conceptuais relevantes, relacionar contidos próximos, expresar opinións ou xuízos de valor, aplicar contidos procedementais, formular e resolver problemas de diversa índole.

Estas probas permiten valorar diversas actividades, dende aprendizaxes de tipo elemental (coñecer datas e sucesos, clasificacións etc...) ata chegar a actividades que conlevan procesos de descomposición – integración, isto é, analizar e sintetizar. Poderían consistir en: elaboración de resumos, esquemas e mapas conceptuais, elaboración de sínteses, comentario de imaxes artísticas, preguntas nas que se pide desenvolver un tema concreto, resolución dalgún suposto práctico ou elaboración dunha gráfica (gráficas lineais, diagramas de barras, climogramas, elaboración de eixes cronolóxicos, etc...); a realización por parte do alumno de comentarios de textos ou mapas xeográficos ou históricos (guiados); exercicios de definición ou relación entre conceptos,...

As probas tamén poderán incluír cuestións caracterizadas pola súa brevidade tanto na súa formulación como na súa posible solución e que resultan moi útiles para avaliar o coñecemento de datos, dominio da terminoloxía, precisión de conceptos, etc...

Con estas probas podemos valorar a capacidade dos alumnos para a selección e organización das ideas principais dun tema traballado, a súa capacidade de análise e tamén o seu xuízo crítico.

- **ESO:** Nelas deberán estar presentes nunha proporción razoable os contidos conceptuais e procedementais que correspondan á unidade ou unidades das que se examine o alumnado. Estas probas constarán basicamente de dúas partes que os alumnos e alumnas contestarán cun mínimo de coñecemento e coherencia nas súas respostas.

A primeira parte será de carácter procedemental e consistirá na interpretación de mapas e textos, de gráficas e diagramas ou de fotografías relacionadas coa materia obxecto de exame e adecuados ao seu nivel de aprendizaxe.

A segunda parte será de carácter conceptual, consistente na definición de conceptos básicos ou no desenvolvemento de cuestións reflexivas nas que se amose a asimilación dos contidos conceptuais, a capacidade de relación (como procedemento) e a habilidade discursiva.

Estas probas escritas realizaranse dúas veces en cada avaliación facendo **media entre elas**.

- **Historia do mundo contemporáneo (1º Bacharelato):** ao tratarse do curso anterior a finalizar a etapa de Bacharelato, estas probas presentarán unha complexidade maior ca na ESO. Ademais de presentar cuestións semellantes aos referidos para Secundaria, pode haber exames de comentarios de texto ou de desenvolvemento de temas cunha maior extensión. En todo caso, o alumnado contará con dous exames por avaliación que farán media entre eles.

- **Historia de España (2º Bacharelato)** En cada trimestre haberá unha proba escrita seguindo o modelo e os criterios da CIUG na súa avaliación. Dita proba terá os seguintes apartados:

- **DEFINICIÓNS** (ata 2 puntos, 0,5 puntos por concepto). Preténdese que o alumnado amose precisión no manexo dos termos históricos. A resposta debe ser concreta, conforme ó estilo das entradas dos dicionarios especializados. Recoméndase unha extensión máxima de 3-4 liñas por concepto. Os conceptos para definir serán 4 e o seu valor total 2 puntos

En cada exame poderá entrar calquera das 70 definicións propostas pola CIUG estudadas ata a data do mesmo.

- **PREGUNTA A DESENVOLVER NUNHA CARA DE FOLIO** (ata 3 puntos): O obxectivo deste exercicio é que o alumnado mostre o seu dominio dos contidos, pero tamén a súa capacidade para artellar



unha resposta razoada e coherente. A resposta debe cingirse á cuestión presentada. Recoméndase unha extensión máxima dunha cara de folio (25-30 liñas).

En cada exame poderá entrar calquera das 17 preguntas propostas pola CIUG estudadas ata a data do mesmo

- **COMPOSICIÓN DE TEXTO HISTÓRICO** (ata 5 puntos) sobre toda a materia da idade contemporánea comprendida nos 25 temas propostos pola CIUG estudada ata ese momento. Teranse en conta a capacidade de análise, a capacidade relacional, a axeitada utilización dos documentos e a precisión espazo-temporal.

• **Historia da Arte (2º Bacharelato)** As probas escritas serán cinco, correspondentes a cada un dos bloques programados pola CIUG (o bloque quinto e o sexto están fundidos no propio programa), coincidindo a realización de dous exames na primeira e segunda avaliación, mentres que a do último bloque será realizado na terceira.

O modelo de exame de cada bloque estrutúrase nos seguintes apartados:

1.- Análise de dúas obras de arte mediante os seguintes apartados:

1.1. Identificación, título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento. (1 punto)

1.2. Encadramento no contexto histórico-artístico. (1 punto)

1.3. Análise e comentario da lámina. (2 puntos)

2.- Definición e explicación de catro palabras de vocabulario artístico (2 puntos/ 0.5 puntos por cada unha delas).

Os modelos de exame das materias correspondentes a 2º de bacharelato poden ser modificados segundo as instrucións emitidas pola CIUG ao longo do curso académico

A proba final de Maio servirá para recuperar os bloques nos que o alumnado non acadou calificación positiva, seguíndose o modelo de exame que figura anteriormente.

2.- Observación do traballo na aula.-

Se, como pretendemos, conseguimos un ensino activo e participativo, debemos ter en conta a participación individual mediante o interese polas actividades, preguntas que fai, respostas ás preguntas do profesor ou dos compañeiros, actitude e participación nos traballos en grupo. Terase tamén en conta a actitude de respecto cara os demais membros da comunidade escolar, respecto a quenda de palabra, ás normas de convivencia, coidado do material, etc

Por outra banda, terase en conta a realización dos exercicios, así como o feito de traer diariamente o material correspondente á materia (libro de texto, caderno,...) e, especialmente, a actitude positiva dentro da aula (interese e atención ante a materia, actitude de respecto cara o profesor ou aos compañeiros/as, puntualidade, etc...).

Este apartado valorarase a partir dunha **rúbrica sobre a observación directa do traballo e participación na aula**

INDICADORES	NUNCA (0,1)	POUCO (2,3,4)	SUFICIENTE MENTE (5,6)	REGULAR MENTE (7,8)	MOITO (9,10)
Participa na clase e mostra interese pola materia (40 %)					
Realiza as tarefas propostas (35 %)					
Ten un comportamento correcto e mostra					



respecto cara os compañeiros (10 %)					
Trae a clase o material necesario (15 %)					

3.- Presentación de traballos

Neste apartado entrarían unha grande variedade de traballos, que teñan por obxecto algún aspecto da Xeografía, da Historia ou a Historia da Arte. **Mediante a seguinte rúbrica** avaliaríanse as tarefas realizadas polos alumnos, tanto individualmente como en grupos, así como a súa exposición oral. En todo caso deben servir ao profesor para valorar a asimilación dos estándares de aprendizaxe traballados previamente.

INDICADORES	NADA (0,1)	POUCO (2,3,4)	SUFICIENTE MENTE (5,6)	REGULAR MENTE (7,8)	MOITO (9,10)
Participa activamente na busca de información (5 %)					
Sabe seleccionar a información das fontes usadas (20 %)					
Participa activamente na elaboración de contidos (5 %)					
Elabora correctamente os contidos (25 %)					
Participa de xeito activo na elaboración dos esquemas (5 %)					
Estrutura correctamente os contidos (20 %)					
Intégrase ben para o traballo en equipo (5 %)					
Participa na exposición dos					



contidos (5 %)					
Expón con claridade os contidos (10 %)					

Caderno de clase: Aínda que non se valorará en porcentaxe dentro da nota da avaliación, recoméndase que cada alumno dispoña dun caderno a limpo onde consten todas as actividades realizadas durante o curso reunindo unhas condicións de organización, limpeza e ortografía correctas, xa que constitúe un dos instrumentos para o estudo das dúas probas escritas que se realizarán en cada avaliación.

Actividades de recuperación.- A posta en práctica dun sistema de avaliación continua permitirá a aplicación dun reforzo inmediato naqueles casos nos que se detecten obxectivos non acadados, contidos non asimilados ou dificultades específicas que poidan impedir o progreso do alumno/a. Polo tanto, os alumnos/as que suspendan unha avaliación, realizarán un exame de recuperación desa parte, antes da seguinte avaliación.

No caso das materias de Historia de España e de H^a da Arte de 2º Bacharelato realizarase unha única recuperación final de toda a materia para aqueles alumnos que no acadasen en maio o mínimo para aprobar.

Os mínimos esixibles están incluídos nas programacións por niveis, figurando no apartado 6.

PROCEDEMENTOS DE CUALIFICACIÓN

A nota global do alumno/a en cada avaliación, será de 0 a 10, e estará formada pola valoración dos coñecementos, dos procedementos e as actitudes, desglosándose a porcentaxe da seguinte maneira:

ESO: a media obtida polas probas escritas representará o 75 % do valor da nota en cada avaliación (**7'5 puntos**); a observación directa do traballo e participación na aula e valoración das tarefas propostas poden puntuar ata o 10% da nota (**1 punto**), en caso de mostrar actitudes negativas levaría ao alumno a non contar esta porcentaxe na súa nota global; e finalmente, a presentación de xeito correcto de todo tipo de traballos (tanto a nivel individual como en equipo) propostos polo profesor en cada tema puntuará ata o 15 % da nota da avaliación (**1'5 puntos**).

En 4º ESO na opción de aplicadas as porcentaxes varían respecto ao resto de grupos no referente ás probas escritas (representando o 70 % da nota en cada avaliación **-7 puntos-**); e á presentación de traballos propostos polo profesor que poderán puntuar ata o 20 % da nota da avaliación (**2 puntos**).

Polo que respecta ao ámbito lingüístico e social de 3º PMAR, a media obtida polas probas escritas representará o 50 % do valor da nota en cada avaliación (**5 puntos**); a observación directa do traballo e participación e valoración das tarefas realizadas na aula poden puntuar ata o 20 % da nota (**2 puntos**), e finalmente, a presentación de xeito correcto de todo tipo de traballos (tanto a nivel individual como en equipo) propostos polo profesor en cada tema puntuará ata o 30 % da nota da avaliación (**3 puntos**).

Ao tratarse dunha materia que engloba lingua e literatura (galega e castelá) así como ciencias sociais (xeografía e historia), a cualificación global de cada avaliación estará composta por a suma ponderada das notas de cada unha destas materias (60 % lingua e literatura galega e castelá e 40 % ciencias sociais).

A nota final será a media proporcionada das tres avaliacións (incluídas as cualificacións obtidas nas recuperacións). Esta proporción pode variar dependendo da complexidade da materia dada no trimestre (dificultade ou cantidade).

1º BACHARELATO: as porcentaxes serían similares ás utilizadas na opción de aplicadas de 4º ESO representando as probas escritas o 70 % da nota en cada avaliación **-7 puntos-**; e a presentación de traballos propostos polo profesor o 20 % da nota da avaliación (**2 puntos**), mantendo para a participación na aula e valoración das tarefas propostas o 10% da nota (**1 punto**)



2º BACHARELATO:

Historia de España.- As intervencións realizadas na aula e a presentación de xeito correcto das actividades relacionadas con composicións de texto, elaboración de resumos ou esquemas dos temas e definición de vocabulario histórico (tanto a nivel individual como en equipo) propostos polo profesor en cada trimestre serán valorados ata o 15 % da nota da avaliación (**1'5 puntos**); a observación directa do traballo e participación na aula puntuarán ata o 5% da nota (**0'5 puntos**), o 80% (**8 puntos**) será o resultado da nota obtida na proba escrita realizada ao final do trimestre seguindo o modelo e os criterios da CIUG na súa avaliación. A execución formal dos exames por parte do/a alumno/a debe ser correcta tanto a nivel de presentación (limpeza, marxes) como de ortografía, podendo ser descontados ata 2 puntos sobre una nota de 10, como máximo, por estas razóns.

A **nota final** da materia será a media obtida a partir da suma da nota da 1ª avaliación, do dobre da nota da 2ª avaliación e da tripla da nota da terceira avaliación, debido á ampliación progresiva dos contidos que abarca cada unha delas.

Historia da Arte.- As actividades programadas polo profesor (definicións de vocabulario artístico, cuestións de teoría e comentarios sobre obras de arte , realizados a nivel informático (con posible exposición na aula) serán valorados ata **1,5 puntos** (15% da nota da avaliación); a actitude do alumnado, interese e participación na clase contarán **0,5 puntos** (5%) da nota global; a eles sumaranse **ata 8 puntos** (80%) correspondentes á media dos exames realizados durante o trimestre seguindo o modelo e os criterios da CIUG na súa avaliación.

Ao realizar recuperacións trimestralmente, **non se levará a cabo un exame de recuperación final** en ningún dos niveis, agás nas materias de Historia de España e de Hª da Arte de 2ª Bacharelato (nas que, ao non realizar recuperacións trimestralmente o alumnado que, ao chegar o remate do curso, non acadase os contidos mínimos esixidos e, polo tanto, non aprobase a materia, poderá realizar no mes de maio unha proba de suficiencia cualificada de 0 a 10 puntos. Esta proba terá unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso).

En todas as materias impartidas polo departamento, o alumnado que ao chegar o remate do curso non acadase os contidos mínimos esixidos e, polo tanto, non aprobase a materia, deberá realizar na convocatoria extraordinaria de xuño unha proba de suficiencia cualificada de 0 a 10 puntos. Esta proba terá unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Para a análise do proceso de ensino e da práctica docente utilizaremos rúbrica baseadas nos seguintes aspectos:

MOTIVACIÓN POR PARTE DO PROFESOR CARA A APRENDIZAXE DO ALUMNADO

INDICADORES	VALORACIÓN (0 – 5)	PROPOSTAS DE MELLORA
Presento ao principio de cada sesión un plan de traballo, explicando a súa finalidade.		
Relaciono os temas da materia con acontecementos da actualidade		
Informo ao alumnado dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas.		
Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (guións, mapas conceptuais, esquemas...)		



Fomento a participación do alumnado nos debates dentro do proceso de ensino		
---	--	--

PLANIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E COORDINACIÓN CO RESTO DO PROFESORADO

INDICADORES	VALORACIÓN (0 – 5)	PROPOSTAS DE MELLORA
Teño establecido que cada nivel académico está estruturado por Unidades Didácticas		
Deseño a programación didáctica baseándome nas competencias básicas que debe de adquirir o alumnado		
Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades que o alumnado debe acadar		
Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación que permiten facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao no que acadan as aprendizaxes.		
Planifico a actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado do departamento		
Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, PT, Departamento de Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos...		

ESTRUTURA E COHESIÓN NO PROCESO ENSINO/APRENDIZAXE

INDICADORES	VALORACIÓN (0 – 5)	PROPUESTAS DE MELLORA
Deseño actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos		
Propoño ao alumnado actividades variadas (de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de ampliación e de avaliación).		
Facilito a adquisición de novas aprendizaxes a través de diversas metodoloxías (lección maxistral, traballo cooperativo, traballo individual)		
Distribúo o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que o alumnado realiza na clase).		
Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica do alumnado, favorecendo o seu uso autónomo por parte dos mesmos.		
Comprobo, de diferentes modos, que o alumnado entendeu a tarefa que ten que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso, etc..		



SEGUIMIENTO DO PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE

INDICADORES	VALORACIÓN (0 – 5)	PROPOSTAS DE MELLORA
Reviso frecuentemente as actividades propostas dentro e fora da aula, adecuando os tempos, agrupamentos e materiais utilizados.		
En caso de obxectivos insuficientemente acadados, propoño novas actividades de repaso que faciliten a súa adquisición.		
En caso de obxectivos suficientemente acadados, propoño actividades de ampliación que faciliten un maior grao de adquisición.		
Adapto o material didáctico e os recursos ás características e necesidades do alumnado realizando traballos individualizados e diferentes tipos de actividades e exercicios.		
Plantexo traballo en grupo para analizar as interaccións entre o alumnado.		

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE

INDICADORES	VALORACIÓN (0 – 5)	PROPOSTAS DE MELLORA
Cada unidade didáctica ten claramente establecidos os criterios de avaliación		
Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes estándares		
Uso diferentes instrumentos de avaliación (probas orales e/ou escritas, portfolios, rúbricas, observación directa...) para coñecer o seu rendemento académico.		
Utilizo os resultados da avaliación para modificar os procedementos didácticos e mellorar a miña intervención docente		
Realizo unha avaliación inicial a principio de curso, para axustar a programación, na que teño en conta o informe final do titor anterior, o doutros profesores, e o do Departamento de Orientación.		

10. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

No presente curso este Departamento contará con alumnos que presenten as Xeografía e Historia pendentes de 1º, 2º e 3º de ESO, ademais da Hª do mundo Contemporáneo de 1º Bacharelato

Para os alumnos que non superaron a materia de Xeografía e Historia de cursos anteriores da ESO e 1º de Bacharelato, establécense os pasos seguintes para a recuperación da materia:

- A principios de curso, no mes de setembro, o alumnado con materias pendentes son convocados a unha reunión na que se lles entregará por escrito os contidos mínimos e os criterios de avaliación, que serán os establecidos no curso anterior.

- Aportaráselles tamén o material que precisen para preparar a materia Este material, realizado polo Departamento de Xeografía e Historia, consistirá nunhas fichas de traballo cunha selección de termos,



conceptos, supostos teóricos e prácticos da materia a recuperar, agrupados en dous conxuntos que entregarán aos alumnos para a elaboración e resolución dos mesmos antes dos exames parciais de recuperación.

- Ao longo do curso poderán plantexarse dúbidas que serán resoltas durante os primeiros recreos do luns e do mércores polo xefe de departamento.

- Realizaranse dous exames parciais de recuperación da materia pendente: A principios do mes de Novembro farase un primeiro exame parcial e na primeira metade do mes de Febreiro ten lugar o segundo exame parcial. Estas datas estarán fixadas no calendario preparado pola xefatura de estudos. Estes exames contabilizarán ata 7'5 puntos en cada avaliación parcial para o alumnado.

- Con anterioridade aos exames parciais os/as alumnos/as deberán realizar un boletín de traballo, que inclúe os contidos dos que se examinarán, e entregalo nas datas que lles sexan marcadas, co fin de serlles devoltos, xa corrixidos, para o seu estudo definitivo. Este traballo contará ata un ata 2'5 puntos da nota do parcial sempre que se realice de forma correcta na súa totalidade e sen erros nin faltas ortográficas ou de redacción; non sexa igual ó de algún compañeiro; ou por outros motivos que faga restar puntuación. O alumno/a que non entregue os exercicios na data indicada contabilizará un 0 neste apartado e poderá presentarse a cada exame parcial, pero debe obter 5 puntos sobre 7'5 para lograr o aprobado.

- Os/as alumnos/as que cursen 3º PMAR coa materia de Xeografía e Historia pendente de cursos anteriores, debido ás dificultades de aprendizaxe que presentan, irán realizando este traballo na aula baixo a supervisión da profesora que imparte o ámbito socio-lingüístico en 3º PMAR, sendo corrixido finalmente polo xefe do departamento de X e Hª quen o valorará seguindo os criterios de avaliación marcados anteriormente (comprensión, presentación, expresión escrita, etc.). Este traballo contará ata un 50% da nota sempre que se realice de forma correcta na súa totalidade e sen erros nin faltas ortográficas ou de redacción.

- Se o alumno aproba este traballo, non precisaría realizar o exame acadando un 5 como nota do parcial. No caso de querer obter maior nota poderá presentarse de xeito voluntario a un exame valorado sobre 5 sumándose a cualificación obtida neste á nota do traballo.

- Se o alumno non acada os 5 puntos do traballo deberá presentarse obrigatoriamente ao exame valorado sobre 5, sendo a nota global a suma da puntuación acadada no traballo máis a nota obtida no exame.

A nota final será a media das dúas avaliacións parciais. En caso de suspender algunha das avaliacións parciais cunha nota non compensatoria co outro (inferior a 4 puntos na suma da puntuación da ficha e o exame), na primeira semana de Maio, realizarase un exame final para aqueles alumnos que deban recuperar as avaliacións parciais suspensas.

12. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS

A avaliación debe ser continua, formativa e integrada no proceso ensino-aprendizaxe. Partiremos dunha avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos e esquemas mentais do alumnado. Para levala a cabo deberemos ter en conta a información do alumnado que consta nos informes elaborados ao remate do anterior curso escolar:

- A nivel académico podemos coñecer as calificacións obtidas na avaliación ordinaria do curso anterior. A partir delas podemos saber cal foi a calificación obtida na materia, se o alumnado é repetidor, se tivo algún programa de reforzo ou apoio, ou se asistiu ao PROA.

- A nivel condutual e de convivencia podemos saber se o alumnado tivo condutas contrarias ás normas de convivencia e os motivos das mesmas, se recibiu amonestacións na clase, se participou ,oito ou pouco na dinámica da clase,ou se tivo problemas de acoso/bullying

Á existencia de atención á diversidade: existencia de ACI, reforzo, etc.

En segundo lugar é importante a información que se obtén a partir da observación nas primeiras semanas de clase vendo como é a motivación do alumnado, interese e participación, se trae ou non o material escolar, etc.



Por último, o terceiro instrumento desta avaliación será unha proba inicial. Dita proba, consistente nunha serie actividades (comprensión de textos, vocabulario, feitos históricos ou coñecementos xeográficos e artísticos...) avaliará, fundamentalmente, a adquisición dos estándares mínimos de aprendizaxe do curso inmediatamente anterior, aínda que tamén contemplará aspectos relacionados coas áreas e materias do curso presente, orientándonos cara o establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas á súa realidade.

Unha vez analizados os resultados desta avaliación inicial, procederemos a la toma de medidas de reforzo ou adaptacións, previo informe do Departamento de Orientación e contando co apoio do P.T do centro. Estes alumnos recibirán unha atención o máis individualizada posible con exercicios e actividades adaptados ás súas capacidades e destrezas.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. As medidas de atención á diversidade, rexeranse polo recollido no Plan de Atención á diversidade do centro e na lexislación vixente, indo sempre do ordinario ao extraordinario e podendo ser modificadas froito da avaliación continuada das mesmas

As medidas propostas para a atención á diversidade no departamento de Xeografía e Historia son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares. Estableceranse os que sexan necesarios partindo da avaliación inicial e a avaliación continua e contando co asesoramento do Departamento de Orientación.

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, etc. Estas medidas de reforzo serán elaboradas e levadas a cabo no contexto escolar polo profesor que imparte a materia, os destinatarios serán aqueles alumnos que coa modificación deses elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensinanza-aprendizaxe. Para os alumnos que precisen reforzo farase un seguimento dos mesmos proporcionándolles follas de actividades que irán resolvendo na casa e entregarán de novo o profesor. Tamén se contempla a posibilidade de realizar para este alumnado probas específicas adaptadas ás súas posibilidades.

As adaptacións curriculares individualizadas son modificacións que afectan a elementos prescritivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Estas adaptacións teñen como destinatarios ós alumnos sobredotados e os que teñen dificultades graves de visión, audición ou motricidade. A realización destas adaptacións faraa o profesor que imparta a materia coa colaboración do departamento e os profesionais de orientación psicopedagóxica.

Outro aspecto a desenvolver será, na medida das posibilidades, respostar e satisfacer as demandas e curiosidades dos alumnos que presentan capacidades por encima da media, tratando de fomentar as súas inxedanzas individuais.

A relación de alumnado que é obxecto de medidas de atención á diversidade recollerase nas actas de departamento.

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A materia de Xeografía e Historia é posiblemente unha das que recollen máis contidos relacionados cos elementos transversais, polo tanto están sendo traballados durante todo o curso de forma directa ou indirecta.

En relación á **educación moral e cívica**, os alumnos reflexionan sobre os dereitos humanos cando entran en contacto con sociedades divididas por privilexios coa existencia da escravitude ou con



Constitucións, por exemplo. O día da Constitución (decembro) é unha data que pode servir para valorar este documento histórico.

A educación para a paz aparece en temas como a tolerancia relixiosa, conflitos bélicos ou sociais, desigual desenvolvemento, etc., aínda que é tratado ao longo do curso, pode facerse unha lectura ou comentario sobre ela en outubro (día da Paz). O obxectivo sería valorar a diversidade humana, impedindo o xurdimento de condutas xenófobas e intolerantes, considerando a diversidade cultural como unha realidade a respectar.

A educación para a saúde inclúe a preservación dos medios naturais como unha maneira de procurar ao ser humano unha mellor calidade de vida, ademais do coidado persoal en canto a hixiene, alimentación e saúde. Os contidos de xeografía sobre os medios naturais e os de historia sobre costumes alimentarios e hixiénicos doutras culturas ou épocas, así coma o descubrimento de vacinas ou métodos profilácticos contribúen a desenvolver estes valores no alumnado.

A educación no sexista intenta evitar a diferenciación por motivo sexual que aínda persiste na nosa sociedade. Nos libros de texto recóllese o papel xogado pola muller nas distintas culturas e situacións históricas. O día internacional da muller en marzo é un bo momento para reflexionar sobre esas mulleres anónimas ou máis coñecidas que contribuíron á evolución social nunha historia marcada por homes.

A educación para o consumo pode serlles útil para que analicen a publicidade, o consumismo e ademais, reflexionen sobre os seus hábitos de consumo.

A educación sexual é tratada nos temas de control de natalidade e o desenvolvemento demográfico por continentes o países.

A educación viaria ten o seu lugar adecuado nos contidos relacionados co transporte e urbanismo.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (ver Plan Anual de AACCEE).

No presente curso escolar o departamento de Xeografía e Historia non levará a cabo inicialmente ningunha actividade extraescolar, aínda que estará aberto á posibilidade de realizala en caso de presentarse algunha interesante ao longo do curso, e a manter a colaboración noutras actividades propostas desde o propio centro (dirección, biblioteca, ou outros departamentos).

16. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Os procedementos para avaliar a programación levaranse a cabo do xeito seguinte:

1. Mediante análise do seguimento e desenvolvemento da programación nas reunións de departamento ao longo do curso nas reunións de departamento.

2. Mediante a rúbrica completada despois de cada avaliación recollida no documento “avaliación da función docente”, noque aparecen rexistrados aspectos relacionados co desenvolvemento da programación e organización como:

- A adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

- A necesidade de modificar os procedementos de avaliación

- A necesidade de levar a cabo medidas de atención á diversidade.

- O desenvolvemento dos obxectivos de area establecidos na programación.

3. Mediante a memoria de fin de curso na que se recollan os resultados obtidos, os problemas detectados e os posibles cambios a realizar na programación para o seguinte curso.

17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR (ver Plan Lector).



18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC (ver Plan TIC).

SINATURAS DOS MEMBROS DO DEPARTAMENTO

En Narón a 15 de Setembro do 2021

Asdo. Antonio Varela Padín

Asdo. José Diego Martínez Leiro

Asdo: Rosina Baños de Almeida